

BANDO

“PROGRAMA DE XUVENTUDE EN ACCIÓN DA UNIÓN EUROPEA”

D. José A. Eiras Paz, alcalde-presidente do Concello de Moraña

Fai saber:

Que a Deputación de Pontevedra promove un programa dirixido a persoas entre 18 e 30 anos cuxos obxectivos son, entre outros: fomentar a solidariedade e a tolerancia entre os/as xóvenes, favorecer a cooperación europea no eido da xuventude, etc.

Neste programa participarán 6 xóvenes de cada un destes países: Letonia, Polonia, Eslovaquia, Turquía e España e convivirán durante unha semana **(do 27 de agosto ó 3 de setembro)** nas instalacións da Residencia Príncipe Felipe de Pontevedra onde estarán aloxados en réxime de pensión completa e de xeito totalmente gratuíto. Durante eses días levaranse a cabo todo tipo de actividades lúdico-deportivas.

Aquelas persoas interesadas en participar neste programa deben dirixirse **á Deputación de Pontevedra presentando unha instancia e achegando a ela o seu currículum vitae antes do vindeiro 15 de xullo.**

Moraña, 16 de xuño de 2009
O alcalde

Asdo. José A. Eiras Paz